

SOBRE O BOWERY

Lionel Rogosin, 1956

1412

ESTREA EN NUMAX: 26.11.2024 | V.O.S.G. | 65 min

Tres días de desesperación nun barrio pobre de Manhattan alcumado "The Bowery", onde estibadores, prostitutas e sen teito con problemas de alcolismo conviven nun difícil equilibrio.

Presentación e coloquio con Michael Rogosin.

«A extraordinaria ópera prima de Lionel Rogosin é un acto de atrevemento político»

Roger Koza, CON LOS OJOS ABIERTOS



Entrevista con Lionel Rogosin: «O máis importante foi dedicar moito tempo a observar os espazos e as persoas»

Por Eric Breitbart

Cando empezou a facer películas, era consciente de ser parte dunha tradición documental? Non me gusta a palabra documental. Non me sinto documentalista. Só podo dicir que nos meus inicios, seguí o mesmo camiño que Flaherty e De Sica. Vin as películas neorrealistas despois da guerra, e a miña aspiración era fundir as dúas tendencias –as películas poéticas de Flaherty e a narración ficcionada dos neorrealistas– cousa que creo que conseguín en *Volve, África* (1959).

Cando decidiu converterse en director de cinema? Traballaba nunha grande empresa, e acumulei o suficiente diñeiro para poder facer *Sobre o Bowery* (1956), que foi completamente autofinanciada, cun orzamento moi baixo, duns 30.00 dólares.

Rodáchela en 35 mm? Si, tiven aos dous mellores profesionais de Nova York para a miña primeira película, Dick Bagley como operador de cámara, e Carl Lerner como montador. Bagley non fixo demasiadas películas, só unas poucas industriais e anuncios. Viviu en Italia unha longa tempada. Bebía moito. Cinco anos despois de rodar *Sobre o Bowery* morreu vítima do alcolismo polo que se sentía moi próximo ao tema da película. Fixo un marabilloso traballo no filme.

Canto durou a rodaxe? Tres meses. Seis meses para editala. Debían ser tres, pero complicouse todo porque queríamos montala nós mesmos. Ningún de nós sabía cara a onde orientar a montaxe ata que atopei a Carl Lerner. O pobre tivo que reunir de novo todo o material para poder facer algo.

Había un guión? Tiñamos unha escaleta de dúas páxinas, era suficiente para marcar un rumbo. A película xa estaba rodada na miña cabeza. Coñecía o tema moi ben, non necesitaba un guión despois de estar seis meses observando o Bowery. Sabía que Flaherty investira tres anos en Aran, e moito tempo cos esquimós. É o primeiro que hai que facer para este tipo de películas, dedicar moito tempo a observar os espazos e as persoas reais.

Pensabas en cal ía ser o seu público ou en como ía ser distribuída? Era moi inxenuo con respecto á distribución. Sabía que *The Quiet One* (Sidney Meyers, 1948) e *O pequeno fuxitivo* (Ray Ashley, Morris Engel, Ruth Orkin, 1953) foran estreadas en salas así que me figurei que tamén podería facelo. A recadación foi extremadamente baixa, e iso que non agardaba moito. *Sobre o Bowery* festaba pensada como unha película de aprendizaxe para poder facer *Volve, África*. Non esperaba que tivese o éxito e o recoñecemento que tivo; tampouco pensaba que fose tan difícil obter un mínimo beneficio.

Realmente fuches unha avanzada da nova onda de directores independentes, non cres? Fomos uns cantos, Shirley Clarke, Sidney Meyers, Jonas Mekas, Emile de Antonio. Fundamos un grupo en 1960. Era moi anarquista, e estaba condenado ao fracaso. Ao redor de 50 reunímonos nunha habitación de Nova York. Redactamos un manifesto, e aos seis meses, o grupo disolveuse. Logo Jonas creou a Film-Makers' Cooperative, que fixo as cousas bastante ben. Case ao mesmo tempo inaugurei o Cinema Bleecker Street. Quería unha sala de exhibición propia para min mesmo e para outros directores. Foi útil para moitos directores durante unha longa tempada, case 10 anos.